Directrices para a actividade físico-deportiva de nenos diabéticos tratados con insulina (Fonte bibliográfica: Prof. Dr. H. De Marées: *Fisiología deportiva*; Ed. Tropon):

a. O neno/a diabético/a é tan susceptible ao adestramento deportivo coma un neno/a san. Con actividades físicas regulares pode acadar unha boa capacidade e rendemento físico.

b. Sen embargo, a condición previa para o devandito é levar a cabo consecuentemente o tratamento prescrito polo médico: "dieta - administración de insulina - actividade física".

c. Para previr reaccións hipoglucémicas (falta de azucre), cada neno/a ten que coñecer as características subxectivas destas reaccións, debidas a un déficit de azucre no sangue e no cerebro. Estas reaccións poden aparecer a causa de exercicios físicos fortes en combinación co tratamento de insulina.

Cada neno/a debe saber evitar fortes reaccións hipoglucémicas por medio da toma de carbohidratos facilmente dixeribles.

d. 45 minutos antes de empezar unha actividade física (clase de Educación Física) tomar carbohidratos en forma de fruta e pan. Deste xeito o corpo dispón durante o esforzo físico de maiores cantidades de glucosa, coas cales as reaccións hipoglucémicas poden ser evitadas.

e. Se a pesar destas medidas preventivas se producen síntomas hipoglucémicos, haberá que tomar de 20 a 30 gramos de glucosa cun pouco de auga (un sobre de azucre).

f. Síntomas de reaccións hipoglucémicas: Debilidade muscular, diminución da capacidade de concentración, aparición dunha suor intensa, pequenas contraccións musculares e mesmo esvaecemento.

g. Actividade física recomendada: Esforzos de intensidades medias e non moi prolongados. Resulta máis

importante a mellora da capacidade cardio-vascular que o aumento da forza muscular. Son preferibles os esforzos continuos de resistencia aeróbica, non anaeróbica.

Recoméndanse as seguintes disciplinas deportivas: correr (jogging), natación, ciclismo, tenis, bádminton... mais sen carácter de competición.

h. Actividade física non recomendada: ¡O deporte de alta competición e o deporte de equipo ou deporte colectivo con carácter de competición, xa que nos partidos o aporte de enerxía chega moitas veces por vía anaeróbica, producíndose unha forte diminución das concentracións de glucosa no sangue!

2.2. Asma bronquial (Fontes: Doutores Bonet Rodés, Casasa e Bonet Massó: *Infancia y Deporte*; Alianza Editorial, 1995; e Dr. Franchek Drobnic: *Asma y actividad deportiva. Apunts, Educación Física y Deportes*; número 38, 1994).

Esta comprobado que a función e ventilación pulmonar melloran co exercicio físico e a práctica deportiva no neno/a ou adolescente asmático/a; tanto é así que a diferenza na capacidade de esforzo co neno normal non é importante. O risco que se corre neste caso é que durante a actividade deportiva se sufra unha crise asmática. Ao iniciar o esforzo o asmático séntese ben, porque mellora a súa ventilación pulmonar. Iso débese á brocodilatación que se produce ao aumentar a actividade. Ao sentirse ben, de maneira inconsciente aumenta o esforzo, o que pode provocar o broncoespasmo e desencadear unha crise.

Normas para evitar a aparición dunha crise de asma provocada polo exercicio:

- a. procurar evitar os ambientes fríos e secos.
- b. evitar os exercicios intensos ou de longa duración. Sobre todo aqueles que requiren unha gran ventilación pulmonar, ou sexa exercicios de resistencia aeróbica máxima (p. ex.: test de Cooper).
- c. evitar a práctica deportiva en ambientes contaminados ou con atmosferas densas.
- d. evitar a práctica deportiva cando se estea padecendo unha infección respiratoria.
- e. tomar a medicación previa ao exercicio (aerosol ou inhalador).
- f. procurar respirar polo nariz sempre que sexa posible.
- g. levar canda si sempre a medicación broncodilatadora.

¿Que facer no caso dunha crise de asma facendo deporte?

- a. calma.
- b. acompañar o/a enfermo/a a un sitio aireado, lonxe dos seus compañeiros/as e non situarse arredor del/a.
- c. administrar a medicación en aerosol, respirar coas mans tapando o nariz (aire húmido).
- d. sempre se poida integrarse novamente á clase.
- e. en caso de que non se solucione a crise, repetir a dose de broncodilatador e consultar se desexa ir a un centro sanitario.

Así pois, non hai ningún motivo para que o neno/a asmático/a non practique deporte, o cal sempre lle será beneficioso. É imprescindible, non obstante, someterse a un control médico adecuado. Hai que desterrar a superprotección do contorno, que ás veces impide a práctica deportiva na crenza de riscos que practicamente non existen, desmotivando ao neno/a e creando un estado de minusvalía inexistente.

2.3. Cardiopatías conxénitas (Fonte: Doutores Bonet Rodés, Casasa e Bonet Massó: *Infancia y Deporte*. Alianza Editorial, 1995).

Certa porcentaxe de nenos/as ou adolescentes, arredor dun 20 %, poden presentar ruidos cardíacos anormais (soplos) en estado de repouso, ou que aparecen durante o esforzo. Sen debidos a fenómenos funcionais, que adoitan darse en nenos/as ansiosos/as, con situacións de estrés psíquico ou con anemia. Iso non supón unha enfermidade cardíaca e polo tanto non presupón ningunha restricción para a práctica deportiva unha vez establecido o diagnóstico polo médico.

Nos nenos/as que sofren unha verdadeira patoloxía cardíaca, o grao de incompatibilidade virá condicionado polo tipo e grao de lesión, e se esta foi reparada cirurxicamente, o que en certos casos pode permitir un relativo bo rendemento.

A práctica dun deporte precisa de supercontrol médico e seguimento estricto das súas indicacións.

Se durante o exercicio se presenta fatiga física ou respiratoria é necesario deterse e en calquera caso este non debe ser moi prolongado.

2.4. Alteracións da columna vertebral (Fonte: Doutores Bonet Rodés, Casas e Bonet Massó: *Infancia y Deporte*. Alianza Editorial, 1995).

O exercicio físico e o deporte poden ser recomendados a nenos /as e mozos/as que padezan certas alteracións de columna vertebral (escoliose, lordose, cifose), pero coa indicación precisa e o control médico adecuado que eviten efectos nocivos. Como orientación, enuméranse algúns deportes que poden ser beneficiosos ou tolerables e os que deben ser prohibidos polos seus potenciais efectos negativos sobre a columna vertebral do neno/a ou adolescente.

Ximnasia: pode ser útil se os exercicios se orientan a posturas de hiperextensión ou suspensión que inflúen na elongación da columna e fortalecemento muscular, sen xestos que supoñan flexións violentas.

Voleibol: permisible en escolioses moderadas ou en cifóticos, practicado con moderación e co calzado adecuado para amortecer o choque dos pes no chan.

Básquet: permisible se se practica como adestramento, xa que o tensar os músculos da columna resulta favorable. Convén diminuír o choque no chan duro, para evitar microtraumatismos, con calzado brando ou cunha sobreplanta especial.

Carreiras: pódese permitir a marcha lenta e sen fatiga, sen ánimo de competición e, desde logo, sen salto de barreiras ou obstáculos. Tamén se pode permitir en pista branda (ver abaixo).

Natación: é o deporte máis recomendable para os que sofren algunha alteración de columna. Axuda ao endurecemento da mesma, que resulta moi valioso como complemento do tratamento e, ademais, os movementos na auga son máis fáciles e completos, o que permite fortalecer mellor os músculos da columna. Sen embargo, está totalmente contraindicado o estilo bolboreta, así como o mergullo deportivo, o salto de trampolín ou desde o borde da piscina.

Están totalmente contraindicados os seguintes deportes: artes marciais, windsurf, vela, saltos e pértega, rugby, fútbol, hóquei, balonmán, monopatín, remo, halterofilia, bicicleta e bolos, pola súa dureza e posibles choques e caídas, polos movementos bruscos que esixen da columna, tanto de rotación como de flexión, ou polas presións que han de soportar os discos intervertebrais.

O doutor Jesús Vázquez Gallego (*La Voz de Galicia*, 6 de outubro de 1996, px. 31) sinala algunhas disciplinas vertebralmente negativas. Son os chamados deportes asimétricos. Concretamente o tenis, os lanzamentos (asimétricos), o ciclismo que aumenta a cifose, as carreiras en pista dura e os de choque (fútbol, rugby, balonmán).

2.5. Eivados:

Non hai máis contraindicacións que a que o seu estado permita practicar desde o punto de vista técnico e operativo.

Se tivéramos un alumno/a en silla de rodas, podería participar en todos os exercicios que se realizan sentados. Ademais se lle pediría confeccionar unha tabla ou rutina de exercicios axeitada e adaptada a súa situación. Pode buscar información e exercicios adaptados nas páxinas de internet especializadas, consultar toda a información posta no enlace do departamento de educación física e traballar cos recursos da aula virtual.

## **Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.**

### Educación moral e cívica

O desenvolvemento de actividades físico-deportivas que implican a participación, baixo as premisas de cooperación e respecto, contribúen a fomentar nos alumnos e alumnas actitudes favorables á convivencia sen distinción de idade, raza, sexo ou relixión.

### Educación para a saúde

Poñer especial énfase nas repercusións ou efectos fisiolóxicos que teñen as distintas actividades físico-deportivas que se realizan, facilitando o coñecemento do propio corpo, as súas funcións, os efectos sobre os diferentes sistemas e órganos e os beneficios psicofísicos que produce a actividade física.

### Educación do consumidor

Presentar criticamente os hábitos da sociedade de consumo no mundo das actividades físico-deportivas, facendo ver cómo xurdiron diferentes intereses que non teñen unha finalidade educativa, senón un sentido comercial e consumista de marcas e produtos que tratan de aproveitarse da importancia que a sociedade actual concede ao fenómeno deportivo.

### Educación non sexista

As diferencias biolóxicas que existen entre os sexos non son razóns para a marxinação dun ou outro en determinadas actividades físicas. A actividade física educativa vai facilitar o coñecemento entre os sexos e a non discriminación.

### Educación ambiental

Fomentanse actitudes de coidado, protección e respecto polo ecosistema a traves das actividades na natureza.

### Educación vial

Sensibilizar aos alumnos e alumnas sobre os accidentes e outros problemas da circulación vial.

Fomentar conductas e hábitos de seguridade vial nas saídas ou excursións.

### Educación para a paz

Adestrarse para a solución dialogada como forma de resolver as diferencias e os conflitos no ámbito escolar.

# **Actividades complementarias e extraescolares.**

## **PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO**

### **TÍTULO**

**“O SITIO DO MEU RECREO”**

### **INTRODUCCIÓN:**

“O sitio do meu recreo”, é o sitio físico, pero tamén mental, onde queremos que os nosos alumnos-as ocupen o seu tempo de lecer ,de recreo..

Para iso, o departamento de E.F, propón un proxecto deportivo , cuxo obxectivo fundamental é dar continuidade ao traballo desenvolvido nas aulas nas sesións de Educación Física, onde o nº de horas semanais non permite alcanzar os obxectivos desexables, e que posteriormente desenvolveremos.

Habería tres lineas básicas de actuación:

- 1.Competicións nos recreos**, dos deportes que en cada trimestre estanse desenvolvendo no aula, fariáanse competicións nas aulas, e posteriormente nos recreos, competicións interaulas(voleibol, bádminton,baloncesto, rugby-cinta...)
- 2.Competición de Tenis de mesa**, con horarios de partidos, clasificacións,premios... os seus participantes compitirían no programa XOGADE nesta modalidade.Desenvolveríase nos recreos.
- 3.Escola de Bádminton**, actividade que ten unha longa tradición no centro e que se desenvolvería en horario de tarde(martes e xoves de 17h a 19h).Participarían do programe XOGADE.

As actividades irían dirixidas o alumnado dos cursos(1º a 4º ESO)

O proxecto deportivo de centro queremos que sexa un instrumento dinámico e con proxección de futuro que garanta que todas as actividades físicas que se realicen nas instalacións do centro e fóra do horario escolar, teñan un carácter eminentemente educativo, tentaremos promocionar diferentes actividades físico-deportivas como un medio de lecer,recreación e desenvolvemento persoal cunha intencionalidad educativa integral, facilitando a participación do maior número de alumnos.

### **OBXECTIVOS:**

- Dar continuidade ao traballo realizado nas sesións de educación física
- Promover e favorecer a actividade física e o deporte fora do horario lectivo a través da práctica dunha ampla variedade de actividades físicas e deportes.
- Utilizar o deporte como un medio educativo que contribúe á formación integral do individuo

- Ten que ter un carácter aberto: facilitar a máxima participación
- Ademais de traballar as habilidades motrices ten que ter outras intencións: socialización, saúde, ocupación constructiva do tempo de lecer, calidade de vida, recreación,!
- Que a formulación non se base só no resultado deportivo da actividade
- Combater o abandono e o sedentarismo
- Establecer un itinerario que garanta a continuidade da práctica deportiva
- Promover e fomentar entre os nosos alumnos/as accións de voluntariado.

### **ORGANIZACIÓN ,DESENVOLVEMENTO,METODOLOXIA:**

#### **Espazo físico:**

- Cancha polideportiva interior:delimitados campos fut.sala,baloncesto,balonman, voleibol,7 campos de bádminton.
- Cancha polideportiva exterior:fútbol-sala,voleibol,baloncesto
- Ximnasio,anexo o polideportivo:3 mesas de pin-pon
- Patio de recreo pechado, no edificio do instituto:3 mesas de pin-pon

#### **Organización(recursos humans):**

**Membros de departamento de Educación Física**

#### **Organización(desenvolvemento):**

##### **1.Competición inter-aulas:**

**1º trimestre: Voleibol 2/2,Voleibol 6/6**

**Xogos cooperativos:1º ESO**

**2º trimestre: Bádminton equipos mixtos**



### **3º trimestre: Baloncesto 3/3**

#### **Rugby-cinta/Fútbol-Sala**

**Horarios:Recreos (orde de xogo, exposto en taboeiros e BLOG de E.F)**

#### **2.Competición tenis de mesa:**

**Fases: Liga (todos contra todos),2ª fase(Grupos)3ª(play-off final)**

**Participación no programa XOGADE (Campeonato provincial)**

**Horarios:Recreos(orde de xogo, exposto en taboeiros e BLOG de E.F)**

#### **3.Escola de bádminton:**

**Martes e Xoves (17-19h)**

**Ranking mensual**

**Participación no programa XOGADE(previas e campeonato provincial)**

#### **Metodoloxía:**

**Traballo en equipo:Distribuiremos os recreos entre todos os profesores,para levar a cabo todo o traballo programado**

**Interdisciplina: Colaboración co departamento de plástica, onde traballarán na aula todo o relacionado coa cartelería,publicidade...Competición por aulas con esta temática, acompañando o desenrrolo das distintas actividades deportivas.**

**Voluntariado:Colaboración puntual da comunidade educativa(alumnos-as/profes,pais/nais...).**

**Deportividade: As competicións xogaranse sen árbitros(habrá mediación do profesor responsable en caso de conflito e desacordo),tentando fomentar o xogo limpo.**

**Organización: Horarios,encontros,orde de xogo, exposto en taboeiros e BLOG de E.F**

#### **AVALIACIÓN:**

**Memoria final: Detallarse todo o traballo realizado durante o curso(participantes,xornadas, horarios,fotos,premios,participación programa xogade...). Todo será exposto en tempo real dos acontecementos no BLOG de E.F([iesoteropeyof.wordpress.com](http://iesoteropeyof.wordpress.com))**

## **Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
3. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada avaliación/trimestre
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
5. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
7. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
10. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
11. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.
13. Adecuación das probas/traballos, tendo en conta o valor de cada estándar.
14. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEE
15. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
16. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## **Concreción temporal de contidos, obxetivos xerais, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe co seu peso e grado mínimo de consecución e a vinculación coas competencias clave.**

Para facilitar a concreción curricular de Educación Física establécense dez criterios de avaliación para o primeiro ciclo da ESO, que abrangue os tres primeiros cursos, doce para o cuarto curso da ESO e nove para o primeiro curso de bacharelato, criterios que establecen os resultados que se deben conseguir por medio dos estándares de aprendizaxe. Estes permitirán definir os resultados das aprendizaxes e concretarán, mediante accións, o que o alumnado debe saber e saber facer na materia de Educación Física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo de todas as etapas e, unha vez finalizadas estas, todos eles deberán estar alcanzados e consolidados.

**Os contidos preséntanse distribuídos en catro grandes bloques:**

- **Bloque 1. Contidos comúns.**
- **Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas.**
- **Bloque 3. Actividade física e saúde.**
- **Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.**

Esta distribución non determina métodos concretos; unicamente responde a unha forma de organizar os contidos dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da materia, construíndo uns coñecementos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables, de maneira que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, xa que permite organizar os contidos de diferentes formas, adoptando a metodoloxía máis adecuada ás características tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos.

Os contidos do **bloque común**, pola súa natureza transversal, traballaránse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, o aseo persoal, a participación nas actividades físicas independentemente do propio nivel de execución, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación das regras establecidas, as posibilidades que presentan as actividades físicodeportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e dos espazos, e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

O bloque segundo (**Actividades físicas artístico-expresivas**) trata os contidos que teñen que ver coa interpretación e a execución de accións motrices, utilizando técnicas de expresión corporal, baile e outros recursos artísticos.

O terceiro bloque (**Actividade física e saúde**) inclúe todos os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física, segundo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico.

No bloque dos **xogos e as actividades deportivas** tamén están incluídos todos os tipos de actividades físico-deportivas desenvolvidas no medio natural.

Cada bloque traballado en cada avaliación ten un peso de 10 puntos, e a nota de avaliación saírá da media dos bloques traballados por avaliación.

As unidades didácticas traballadas nos distintos bloques estarán o criterio de cada profesor, aén cando no bloque de deportes o departamento suxire que tres deportes sexan vehiculares alo menos durante o primeiro ciclo da ESO (1º a 3º). Os tres deportes serían **voleibol** (1ª avaliación), **Bádminton** (2ª avaliación) e **Baloncesto** (3ª avaliación).

# 1º ESO-1ª AVALIACIÓN

## Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física (Común a todas as avaliacións)

### Secuenciación contidos

### obx

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Fases de activación e recuperación, e o seu significado como hábito saudable na práctica da actividade física.</li> <li>▪ B1.2. Execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión.</li> <li>▪ B1.3. Atención ao aseo persoal e ao uso adecuado da indumentaria.</li> </ul>	.b .m .g	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados.</li> <li>▪ B1.5. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural.</li> <li>▪ B1.6. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ l</li> <li>▪ g</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.</li> <li>▪ B1.8. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.</li> <li>▪ B1.9. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable.</li> <li>□ B1.10. Estereotipos corporais na sociedade actual e súa relación coa saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ g</li> </ul>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas</li>   <li>▪ B1.13. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.</li>   <li>▪ B1.14. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ g</li> <li>▪ e</li> <li>▪ b</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>
---	--

**Cráterios avaliación**

**Estándares aprendizaxe**

**peso g<sup>o</sup>mc/cc**

<p>B1.1. Recoñece e aplica actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, tendo en conta ademais as recomendacións de aseo persoal necesarias para ésta.</p>	<p>EFB1.1.1. Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.</p>	0,25	50% CSC CMC
	<p>EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar, de forma autónoma e habitual.</p>	2	50% CSC CAA
	<p>EFB1.1.3. Respecta os hábitos de aseo persoal en relación á saúde e a actividade física.</p>	2	100% CSC
<p>B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.</li> </ul>	1	100% CSC
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.</li> </ul>	1	100% CSC
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.</li> </ul>	1	100% CSC

B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno próximo.	EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.	0,25	50% CSC
	EFB1.3.2. Respecta o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	0,25	50% CSC
	EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	0,25	50% CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresiva, adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas.</li> <li>▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección no seu contorno.</li> </ul>	0,20	100% CSC CSIE
		1	100% CSIE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes adecuados á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.</li> <li>▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.</li> </ul>	0,40	50% CD CCL
		0,40	50% CD CCL

### Bloque 3. Actividade física e saúde

#### Secuenciación contidos

obx

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Condición física. desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde.</li> <li>▪ B3.2. Introducción aos principios sobre unha alimentación saudable.</li> <li>▪ B3.3. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo.</li> </ul>	.b .m .g .f	
---	----------------------	--

#### Criterios avaliación

#### Estándares aprendizaxe

peso g<sup>o</sup>mc/cc

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable.</li> <li>▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.</li> <li>▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.</li> </ul>	1	50% CMCCT
		2	100% CMCCT CAA
		1	50% CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas básicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.1. Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</li> <li>▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordos ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.</li> <li>▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</li> </ul>	1,5	50% CAA
		3	100% CAA
		1,5	50% CMCCT CSIEE

## Bloque 4. Xogos e actividades deportivas

### Secuenciación contidos

### obx

B4.1. Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.	.b .m .g .a	
B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos.	.d	
B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.		

### Critérios avaliación

### Estándares aprendizaxe

### peso g<sup>o</sup>mc/cc

<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas.</li> <li>EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.</li> <li>EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.</li> </ul>	3	100% CAA CSIEE
		1	50% CAA CSIEE
		3	100% CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter ventaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración –oposición facilitadas, respectando o regulamento.</li> <li>EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</li> </ul>	1	50% CAA CSIEE
		1	50% CAA CSIEE



	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</li> </ul>	1	50% CAA CSIEE
--	---	---	---------------------

## 1º ESO-2ª AVALIACIÓN

### **Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física (Detallado 1ª avaliación)**

### **Bloque 2. Actividades físicas-artístico-expresivas**

#### **Secuenciación contidos**

#### **obx**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas básicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade.</li> <li>▪ B2.2. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> <li>▪ m</li> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ d</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	
---	---	--

#### **Crterios avaliación**

#### **Estándares aprendizaxe**

#### **peso gºmc**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Interpretar e reproducir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas sinxelas de expresión corporal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade.</li> </ul>	3	0.5% CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo.</li> </ul>	4	100% CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas.</li> </ul>	3	100% CCEC

## Bloque 4. Xogos e actividades deportivas

### Secuenciación contidos

### obx

B4.1. Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.	.b .m .g .a .d	
B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos.		
B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.		

### Critérios avaliación

### Estándares aprendizaxe

### peso g<sup>o</sup>mc/cc

<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas.</li> <li>EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.</li> <li>EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.</li> </ul>	3	100% CAA CSIEE
		1	50% CAA CSIEE
		3	100% CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter ventaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración –oposición facilitadas, respectando o regulamento.</li> <li>EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</li> </ul>	1	50% CAA CSIEE
		1	50% CAA CSIEE

	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</li></ul>	1	50% CAA CSIEE
--	---	---	---------------------

# 1º ESO-3ª AVALIACIÓN

## Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física (Detallado 1ª avaliación)

### Bloque 3. Actividade física e saúde

#### Secuenciación contidos

obx

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Condición física. desenvolvemento das capacidades físicas básicas incidindo principalmente nas relacionadas coa saúde.</li> <li>▪ B3.2. Introducción aos principios sobre unha alimentación saudable.</li> <li>▪ B3.3. Identificación da frecuencia cardíaca de traballo.</li> </ul>	.b .m .g .f	
---	----------------------	--

#### Criteria avaliación

#### Estándares aprendizaxe

peso gºmc/cc

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer e aplicar os principios de alimentación e da actividade física saudable e recoñecer os mecanismos básicos de control da intensidade da actividade física para a mellora da súa saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.1. Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable.</li> </ul>	1	50% CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.2. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.</li> </ul>	2	100% CMCCT CAA
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.1.3. Identifica de xeito básico as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, e lévaas á práctica.</li> </ul>	1	50% CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Desenvolver as capacidades físicas básicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.1. Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.</li> </ul>	1,5	50% CAA
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordos ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.</li> </ul>	3	100% CAA
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.</li> </ul>	1,5	50% CMCCT CSIEE

## Bloque 4. Xogos e actividades deportivas

### Secuenciación contidos

### obx

B4.1. Execución de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos.	.b .m .g .a	
B4.4. Execución de habilidades motrices técnico-tácticas sinxelas vinculadas aos deportes colectivos, respectando os regulamentos específicos.	.d	
B4.5. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes colectivos.		

### Crterios avaliación

### Estándares aprendizaxe

### peso g<sup>o</sup>mc/cc

<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas adaptadas propostas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas.</li> <li>EFB4.1.2. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados máis sinxelos.</li> <li>EFB4.1.3. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación, adecuado á súa idade.</li> </ul>	3	100% CAA CSIEE
		1	50% CAA CSIEE
		3	100% CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Resolver situacións motoras sinxelas oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitada, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos básicos para obter ventaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración –oposición facilitadas, respectando o regulamento.</li> <li>EFB4.2.2. Pon en práctica aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.</li> </ul>	1	50% CAA CSIEE
		1	50% CAA CSIEE

	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións facilitadas de colaboración, oposición e colaboración-oposición, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.</li></ul>	1	50% CAA CSIEE
--	---	---	---------------------

## 2º ESO-1ª AVALIACIÓN

### Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física (Común a todas as avaliacións)

#### Secuenciación contidos

#### obx

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física, xeral e específica en función da actividade que se realice.</li> <li>▪ B1.2. Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada parte da sesión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados</li> <li>▪ B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural.</li> <li>▪ B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e do das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ l</li> <li>▪ g</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico deportivas e recreativas.</li> <li>▪ B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural.</li> <li>▪ B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable.</li> <li><input type="checkbox"/> B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e súa relación coa saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico expresivas , basada no análise previo das características de éstas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ g</li> </ul>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios.</li> <li>▪ B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ g</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde</li> <li>▪ B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte mais idóneo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ g</li> <li>▪ e</li> <li>▪ b</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	



**Cráterios avaliación****Estándares aprendizaxe****peso gºm/cc**

B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.1. Relaciona a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.</li> </ul>	0,50	50% CSC CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais de sesión de acordo co contido que se vaia realizar.</li> </ul>	2	100% CSC CAA
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades.</li> </ul>	1	50% CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Recoñecer as posibilidades das Actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, e a participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando con elas e aceptando as súas achegas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.</li> </ul>	1	100% CSC
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.</li> </ul>	1	100% CSC
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.</li> </ul>	1	100% CSC
B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.	EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.	0,25	100% CSC
	EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	0,25	100% CSC
	EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	0,25	CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresiva, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.</li> </ul>	EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	0,25	100% CSIIE CSC

